


TEMA 2 – Normas mercantís. Forma xurídica da empresa

O Dereito xorde para limitar as liberdades de forma regulada, co obxecto de mellorar a convivencia. Pode definirse como unha serie de **normas e principios** (escritos ou non) que, coa idea de **xustiza, regulan a convivencia** e poden ser **impostos pola forza**.



As empresas teñen regulada a súa actividade mediante normas que teñen que cumprir obrigatoriamente. Neste tema estudaremos as normas de Dereito Mercantil. Despois tamén estudaremos outras ramas do dereito que inflúen na vida da empresa: o Dereito Laboral e o Dereito Fiscal.

Clasificación do Dereito	
Dereito privado (Regula relacións entre axentes privados)	Dereito Público (Regula a actividade dos axentes públicos entre si e cos particulares)
<ul style="list-style-type: none"> - Civil. - Mercantil. (Empresas). 	<ul style="list-style-type: none"> - Constitucional - Administrativo - Penal - Comunitario (Unión Europea) - Fiscal o tributario
<ul style="list-style-type: none"> - Internacional (pode ser público ou privado) - Laboral ou do Traballo (participa de ambos os dous tipos). 	

Dentro do Dereito Mercantil faremos referencia, en primeiro lugar, á lexislación sobre a propiedade industrial e despois detallaremos as características dos distintos tipos de sociedades. As sociedades colectivas e a sociedades comanditarias teñen hoxe pouca importancia polo reducido número que hai destas empresas. Sen embargo, o seu estudo é interesante para comprender mellor aos outros tipos de sociedades: anónima, limitada, laborais, cooperativas e S.L.N.E.

1. O marco xurídico da actividade empresarial. Normas mercantís. Código de Comercio.

O Dereito Mercantil é a rama do dereito que regula a actividade empresarial, a actividade das empresas.

Hai moitas normas mercantís. Esta é unha rama do dereito en constante **evolución** por lo que está suxeita a frecuentes cambios. Algunhas das máis importantes son:

A lei básica e xeral do Dereito Mercantil é o **Código de Comercio**. É de 1885 modificado con posterioridade en numerosas ocasións. Está pendente de aprobación unha nova reforma.

Outras leis especiais: (ente outras as seguintes)

- **Lei de Competencia Desleal e Lei de Defensa da Competencia.** Un dos piares máis importantes dun sistema económico de mercado é garantir a libre competencia entre as empresas. Estas leis tratan de evitar a espionaxe

industrial, accións colusivas (como poñerse de acordo para fixar prezos), dumping (ventas con perdas), imitacións, violación de segredos, comportamentos que poden inducir a erro aos consumidores,... En España a **Comisión Nacional da Competencia (CNC)** é unha institución pública que se encarga de vixiar, investigar e inspeccionar as actuacións das empresas e, se son contrarias á competencia, impoñer as sancións correspondentes. En Galicia existe un órgano similar chamado **Consello Galego da Competencia**.

- **Lei de Marcas e Lei de Patentes de Invención e Modelos de Utilidade.** Protexen á propiedade industrial.
- **Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios, Lei Xeral de Publicidade, Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal,** Lei de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, ... Son normas de protección dos participantes no mercado.
- Plan Xeral de Contabilidade. Regula como ha de ser a contabilidade da empresa.
- Lei de Sociedades de Capital, Lei das Sociedades Laborais, Lei de Cooperativas, Lei de Cooperativas de Galicia,...
- Lei de Horarios Comerciais.

E moitas máis. Ademais das normas nacionais e autonómicas tamén hai no ámbito mercantil, normas comunitarias (da Unión Europea), xa que se trata de acadar un mercado único.

2. Rexistro Mercantil.

O Rexistro Mercantil é un **organismo público**, dependente do Ministerio de Xustiza que cumpre a misión de ser un instrumento de publicidade legal. O rexistrador é un funcionario e un profesional do dereito.

Contén todos os datos e información sobre as empresas para que sexan coñecidos por calquera interesado e en calquera momento: **contén información veraz e é de acceso público**. Calquera persoa poderá consultar, obter copia ou certificación dos actos inscritos.

No Rexistro Mercantil correspondente ao seu domicilio pódense inscribir todas as empresas; para o empresario individual é potestativo e para as sociedades é obrigatorio. Como veremos na seguinte pregunta, no momento de inscribirse as sociedades no Rexistro Mercantil, estas adquiren personalidade xurídica, convértense en persoas con dereitos e obrigas.

En Galicia hai 5 rexistros mercantís; un en cada capital de provincia e outro en Santiago.

3. Propiedade industrial e signos distintivos da empresa (nome comercial, rótulo do establecemento e marca).

A innovación permite avanzar ás empresas e á sociedade. As normas que protexen aos investimentos e os esforzos innovadores é a **Lei de Patentes** e a **Lei de Marcas**.

A **Propiedade Industrial** é o conxunto de dereitos que se protexen ao crear un invento, un deseño industrial, unha marca ou un nome comercial.

A propiedade industrial e protéxese co dereito de **explotación en exclusiva**. Isto significa que se impide a outros o uso, fabricación ou comercialización sen o seu consentimento. Este dereito correspóndelle ao ser o primeiro en rexistrar esa propiedade industrial nun organismo público chamado **Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM – www.oepm.es)**. Pódense rexistrar:

- ▶ **Patentes.** Invencións novas que poden ser novos produtos ou aparatos, novos métodos de produción ou novos procedementos de obtención de produtos. As patentes teñen unha duración limitada (máximo de 20 anos), despois do que sería de dominio público. Esíxese o pagamento anual de taxas, se non o dereito se extingue.
- ▶ **Deseño industrial.** É un conxunto de liñas ou cores, é dicir, un debuxo de novas formas de presentación física de bens. Son aspectos ornamentais. A duración é tamén limitada (5 anos prorrogables ata 25).

- ▶ **Signos distintivos** das empresas: Serven para diferenciar e distinguir a unha empresa, a súa actividade e os seus produtos dos de outras empresas competidoras. Son as marcas, os nomes comerciais e os rótulos de establecementos.

MARCAS. Unha marca é o signo que distingue a un **PRODUTO ou servizo** doutros similares, para diferenciarlos dos da competencia. O **logotipo** é unha mensaxe abreviada que facilita a identificación da marca e pode consistir en palabras, gráficos (debuxos), ou en palabras e gráficos no mercado.




NOMES COMERCIAIS. O nome comercial dunha **EMPRESA** é o signo que a identifica e a distingue das súas competidoras no tráfico mercantil. Son independentes das denominacións das sociedades inscritas no rexistro mercantil correspondente: pode elixirse un nome comercial distinto da denominación social.

A imitación das marcas ou dos nomes comerciais considérase un comportamento desleal e é perseguido pola Lei. As marcas e os nomes comerciais pódense protexer, de forma indefinida, sempre que se renoven por períodos de 10 anos.

Rótulos de establecemento. É o signo ou denominación que serve para dar a coñecer ao público un local e para distinguilo de outros. A diferenza da lei anterior, a **vixente Lei de Marcas** renunciou a recoñecer ao rótulo como un signo distintivo **susceptible de rexistro** e as únicas disposicións que lle dedica son de carácter transitorio, para manter a vixencia dos rótulos rexistrados con anterioridade.

Signos distintivos	As identifican a produtos ou servizos.	Protexibles mediante o rexistro na OEPM
	Os nomes comerciais identifican ás empresas.	
	Os rótulos de establecemento identifican a un local.	Agora xa non son protexibles



4. As empresas segundo a súa forma xurídica: trazos principais de diferenciación.

O primeiro paso que se debe dar ao crear unha empresa, é decidir se quen vai ostentar a súa titularidade vai ser unha **persoa física** (ou empresario individual) ou unha **persoa xurídica** (ou sociedade mercantil). Neste último caso, terase que optar por aquel **tipo de sociedade** que se considere máis conveniente para cumprir o fin ou o obxectivo da devandita empresa.

Clases de empresas segundo a forma xurídica:

Empresario individual	Ou persoa física. A empresa ten un só propietario que é unha persoa física. Non hai separación de patrimonios persoal e da empresa.
Sociedade	Ou persoa xurídica. A empresa ten varios propietarios e é unha persoa distinta da dos seus propietarios. Hai separación de patrimonios.

5. O empresario individual: concepto, características e vantaxes e inconvenientes.

O empresario individual é aquela **persoa física** que, contando coa capacidade legal necesaria (maioría de idade, libre disposición de bens, etc.), **exerce de forma habitual e por conta propia unha actividade** comercial, industrial ou profesional.

As **características** máis importantes do empresario individual son:

- ▶ **Responsabilidade ilimitada** (responde con todo o seu patrimonio persoal das débedas xeradas na súa actividade).
A **Lei de Emprendedores** (Ley 11/2013, de 26 de julio, de medidas de apoio al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo) crea a figura do **Emprendedor de Responsabilidade Limitada**. Desta forma, o autónomo **non terá que responder co seu patrimonio personal das débedas contraídas na súa actividade profesional ou empresarial**, iso si, baixo determinadas condicións.
- ▶ Os beneficios obtidos pola actividade tributan a través do **Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF)**.
- ▶ O nome da empresa coincide co da persoa.
- ▶ Non require capital mínimo de constitución.
- ▶ A súa inscrición no Rexistro Mercantil é voluntaria.
- ▶ Precisa capacidade de obrar plena (maior de idade).
- ▶ O empresario dirixe persoalmente a súa xestión polo que ostenta o **control total** da actividade.
- ▶ Esixe moi **poucos trámites** para iniciar a actividade e son máis alcanzables que noutras formas xurídicas.
- ▶ É unha forma empresarial axeitada para as microempresas.

Vantaxes e inconvenientes do empresario individual:

- ▶ Control total da xestión da empresa.
- ▶ Forma sinxela e económica de iniciar unha actividade empresarial.
- ▶ Volumes moi elevados de beneficios tributan a tipos impositivos máis altos que no imposto sobre sociedades.
- ▶ Asume responsabilidade ilimitada e as débedas contraídas poden afectar ao patrimonio do seu cónxuxe se teñen réxime de bens gananciais.
- ▶ Pode ter dificultades para acceder a créditos (dependendo do seu patrimonio persoal).

Traballador autónomo dependente (TRADE). Son os empresarios individuais nos que os seus ingresos proveñen, polo menos nun 75%, dun só cliente principal. Desde 2009 obrígase á existencia dun contrato (non laboral) que inclúa: a duración da súa xornada, os descansos aos que teñen dereitos e establecendo un mínimo de 18 días hábiles de vacacións anuais.

6. Sociedades: aspectos comúns

A empresa sociedade é un tipo de empresa con personalidade xurídica, é dicir, que ten unha personalidade distinta á dos seus propietarios

Para elixir entre unha ou outra forma xurídica teranse en conta varios **criterios**:

- O volume de recursos iniciais necesarios.
- O número de participantes no negocio, o número de socios.
- As responsabilidades que socios están dispostos a asumir: A obriga de responder das débedas que a empresa teña pola súa actividade pode alcanzar ao capital (responsabilidade limitada) ou abranguer tamén os propios bens persoais dos socios (responsabilidade ilimitada).
- Esixencia legal nalgunhas actividades: Existen algunhas actividades para as que a lei esixe uns requisitos específicos ou unha forma xurídica concreta, así sectores como a banca ou seguros esixen por lei a forma xurídica de S.A.
- Aspectos fiscais: En canto á súa tributación, as laborais e cooperativas teñen beneficios fiscais importantes no Imposto de Sociedade.

As sociedades pódense **clasificar** segundo distintos criterios:

- Sociedades mercantís e sociedades de interese social.

Unha sociedade mercantil está formada por un grupo de persoas (socios e socias) que poñen en común bens e/ou

diñeiro para conseguir uns obxectivos. Xeralmente o obxectivo principal é conseguir beneficios. Ter **ánimo de lucro** é, polo común, o obxectivo principal. Os obxectivos que se pretenden alcanzar son os motivos polos que os socios fan as súas achegas. As sociedades de interese social non teñen ánimo de lucro se non satisfacer as necesidades comúns dos seus socios (cooperativas).

- As sociedades tamén se poden clasificar en personalistas e sociedades capitalistas.
 - As sociedades **personalistas** son as que a xestión correspóndelles aos socios polo que é importante quen é o socios e as súas características persoais e o seu prestixio.
 - Nas sociedades **capitalistas** non importa tanto quen é o socio se non o capital que achega. Nestas sociedades a xestión non ten por que recaer nos socios, poden contratar a xestores profesionais.
- Segundo a responsabilidade dos socios, hai sociedades e responsabilidade ilimitada e as que limitan a responsabilidade ás achegas dos socios ao capital social.
- Tamén poden ser sociedades abertas ou pechadas segundo haxa ou non liberdade de entrada e saída dos socios.

Sociedades mercantís	Personalistas	Sociedade Colectiva
	Mixtas	Sociedade Comanditaria: - Sociedade Comanditaria simple - Sociedade Comanditaria por accións
	Capitalistas	Sociedade Anónima Sociedade Limitada Sociedade Limitada Nova Empresa Sociedades Laborais
Sociedades de interese social		Sociedades cooperativas

Aspectos comúns a todas as sociedades:

- ▶ Unha sociedade é unha **persoa xurídica**. A sociedade ten personalidade distinta á dos seus socios.
- ▶ As achegas dos socios constitúen o **capital social**. Estas achegas poden consistir en diñeiro ou ser non monetarias (un ordenador, unha máquina, un camión,...).
- ▶ Os beneficios tributan no **Imposto de Sociedades**.
- ▶ Os socios son os propietarios da sociedade en proporción ao que achegaron a ela. Como propietarios teñen dereito a decidir sobre as cuestións que afectan á sociedade. O **órgano de deliberación e decisión é a XUNTA XERAL** que é a reunión dos socios. É obrigatorio que se reúna, polo menos, unha vez ao ano e son convocadas polos administradores.
- ▶ As sociedades han de ser administradas. A administración das sociedades comprende os actos de **xestión** (refírense ao ámbito interno da entidade: decisións sobre organización, deseño de políticas comerciais, investimentos a realizar, etc.) e de **representación** (relacións da sociedade con terceiros: sinatura de contratos, accións xudiciais, etc.). Os **ADMINISTRADORES** son nomeados e cesados pola xunta xeral. Pode ser **unha soa persoa, varias persoas que actúan conxuntamente, varias persoas que actúan independentemente ou un consello de administración que decide por maioría**.
- ▶ Hai unha serie de **requisitos** xerais necesarios para a **constitución**:
 - 1º Outorgar **ESCRITURA PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN** (ante NOTARIO). É un documento que expresa a vontade dos socios de crear a sociedade, os **ESTATUTOS SOCIAIS SOCIAIS** (normas de funcionamento elaboradas pola propia empresa, que serven para personalizar a lei e adaptala ás súas necesidades).
 - 2º Inscribir a sociedade no **REXISTRO MERCANTIL** correspondente ao domicilio da sociedade. Ao rexistrarse a sociedade adquire personalidade xurídica.

7. A sociedade anónima. As accións nas sociedades anónimas.

A sociedade anónima é unha **sociedade mercantil** constituída por **un ou máis socios**, que no seu **conxunto** **achegan un capital (en diñeiro ou especie) non inferior a 60.101,21 € dividido en accións**. Os socios **non responden persoalmente das débedas sociais**.

Vexamos as súas **principais características**:

- ▶ Están reguladas pola **Lei de Sociedades de Capital**.
- ▶ A responsabilidade dos socios ante as débedas da sociedade está **limitada á súa achega á sociedade**.
- ▶ **Número mínimo** de socios: **un**. Neste caso a sociedade adquire condición de **sociedade anónima unipersoal** (S.A.U.). Cando se adquire a condición unipersoal, deberase constar expresamente a identidade do socio único na inscrición da empresa e en toda a documentación mercantil (facturas, correspondencia, etc.).
- ▶ É unha sociedade **capitalista** e **aberta**, pois calquera persoa pode ser socia, sen máis requisito que a adquisición de accións.
- ▶ Denominación ou **razón social**. Pode adoptar calquera nome acompañada da expresión **Sociedade Anónima (S.A.)** ou no seu caso **S.A.U.**
- ▶ **Capital social**: non pode ser inferior a **60.000 €** e está dividido en **accións** (partes alícuotas en que se divide o capital da S.A.) que son **libremente transmisibles**. O capital deberá estar **desembolsado polo menos nun 25%**.
- ▶ A sociedade anónima facilita a entrada de financiamento e é típica das grandes empresas. Tamén favorece a separación entre a propiedade da empresa (socios) e a xestión (administradores profesionais).
- ▶ Os órganos sociais: A S.A. ten dous órganos fundamentais que se encargan do cumprimento dos seus fins, do seu funcionamento e, no seu caso da súa liquidación. Estes son:
 - **Xunta Xeral de Accionistas**: está constituída polos accionistas, que toman por maioría as decisións da empresa. Esta Xunta pode ser ordinaria (reúnese dentro dos 6 primeiros meses do ano) ou extraordinaria e, en ocasións universal.
 - **Administradores**: encárgase da administración, xestión e representación da sociedade. O nomeamento dos administradores corresponde á Xunta Xeral de Accionistas. Non é necesario que sexan socios.


Algúns conceptos importantes relativos ás accións:

A acción é un concepto clave para entender o funcionamento das S.A.

- A acción é a **parte alícuota do capital social**, é dicir, son partes iguais e indivisibles do capital social **das sociedades anónimas**.
- A acción é un **valor negociable**: Isto significa que incorpora unha serie de dereitos e obrigas para os accionistas:

Dereitos	Económicos	Dereito aos dividendos (parte dos beneficios da empresa que se reparte para cada acción). Dereito á parte proporcional do patrimonio resultante en caso de liquidación e peche da sociedade. Dereito preferente de subscrición na emisión de novas accións (tendo en conta que o número de accións novas a que ten dereito o accionista antigo debe ser proporcional ao número de accións que posúe)
	Políticos	Dereito a votar na Xunta Xeral de accionistas Dereito de información (a inspeccionar os documentos contables antes da Xunta Xeral que os aprobe) Dereito a impugnar acordos sociais.
Obrigas	O deber básico dos accionistas é o de achegar o capital.	

As accións como valores negociables teñen valor económico (xa que confire dereitos económicos) e son transmisibles (pódese vender, doar ou deixar en herdanza).



Cando falamos do valor dunha acción, podemos referir a:

- **Valor nominal:** resultado de dividir o capital social entre o número de accións, é o valor literal da acción que aparece no documento, polo que é fixo.

$$\text{Valor Nominal} = \frac{\text{Capital Social}}{\text{Número de accións}}$$

- **Valor teórico ou real:** é resultado de dividir o patrimonio real da empresa nun determinado momento entre o número de accións. Non é fixo, senón que varía ao longo da vida da empresa.

$$\text{Valor Teórico} = \frac{\text{Patrimonio social}}{\text{Número de accións}}$$

- **Valor de mercado.** Se a empresa está admitida en Bolsa, este valor de mercado chámase cotización. A súa maior ou menor cotización dependerá da oferta e da demanda en Bolsa.

Se o Valor nominal > Valor efectivo ⇒ Cotización baixo a par

Se o Valor nominal < Valor efectivo ⇒ Cotización sobre a par

Se o Valor nominal = Valor efectivo ⇒ Cotización á par

As accións represéntanse mediante **títulos** ou por medio de **anotacións en conta**. Un título é un documento físico. Unha anotación en conta é unha anotación na que se reflicte o número de accións que posúe cada socio e as sucesivas transmisións. Con este sistema de anotacións trátase de rexistrar de forma áxil a tenza e transmisión de accións e así evitar o pesado manexo de títulos. Por iso, hoxe en día os títulos os empregan só as pequenas SA.

As accións poden ser **nominativas** (accións que asignan expresamente o nome do propietario) ou ben **ao portador** (o dono é a persoa que as posúa).

8. As sociedades de responsabilidade limitada.

Hoxe esta é o tipo de sociedade máis frecuente. Polas súas características é especialmente adecuada para a pequena e mediana empresa (PEME).

A **sociedade de responsabilidade limitada** ou **sociedade limitada** é unha **sociedade mercantil** que pode ser **constituída con un ou máis socios**, que achegan en conxunto un **capital mínimo de 3.000 €**, **dividido en participacións** sociais iguais, acumulables e indivisibles. Os socios **non responden persoalmente de as débedas da sociedade**. Son sociedades **cerradas**.

As **características principais** da sociedade limitada son:

- ▶ Están reguladas por la Lei de Sociedades de Capital.
- ▶ É unha sociedade **capitalista**, aínda que ten algunhas connotacións de sociedades personalistas, como veremos.
- ▶ Denominación (razón social): pode adoptar calquera nome acompañado da expresión Sociedade Limitada (S.L. ou S.R.L.).
- ▶ Responsabilidade dos socios: **limitada á súa achega**.
- ▶ Número mínimo de socios: un. No caso dun único socio constituirase como sociedade de responsabilidade limitada unipersonal (S.L.U.).

- ▶ O capital non pode ser inferior a **3.000 €** e está dividido en **participacións** (alícuotas) que **non son libremente transmisibles**. A transmisión das participacións sociais non pode realizarse libremente a persoas estrañas á sociedade, debéndose contar para iso co consentimento da sociedade, que se expresase mediante acordo da Xunta Xeral. Por iso, se dí que é unha sociedade **cerrada**. O capital deberá estar **totalmente desembolsado**.
- ▶ Os órganos sociais:
 - **Xunta Xeral de Socios:** está constituída polos socios, que toman por maioría as decisións da empresa.
 - **Administradores:** encárgase da administración, xestión e representación da sociedade.

As participacións

O capital social dunha SL está dividido en partes alícuotas (iguales), acumulables e indivisibles) chamadas participacións. En ningún caso poden denominarse accións.

Las participacións outorgan aos seus donos unha serie de dereitos (participar nos beneficios, votar na xunta de socios, a informarse,...). Pero a transmisión das participacións está limitada notablemente pola Lei de S.L. Por iso, as SL non poden cotizar en Bolsa.

PRINCIPAIS DIFERENZAS	
S.A.	S.L.
Capital mínimo: 60.000 €	Capital mínimo: 3.000 €
Desembolsadas polo menos nun 25%	Desembolsadas ao 100%
Capital dividido en accións	Capital dividido en participacións
Sociedade aberta: as accións son libremente transmisibles, salvo pacto estatutario	Sociedade pechada (transmisión restrinxida)

9. Sociedade Limitada Nova Empresa.

A **Sociedade limitada Nova Empresa (SLNE)** é un tipo de sociedade limitada.

Está especialmente pensada para emprendedores e autónomos que queiran expandir ou consolidar a súa actividade.

Vexamos algunhas das súas características:

- ▶ É un tipo de SL, polo que o capital está dividido en participacións e a responsabilidade dos socios ante as débedas da sociedade está limitada ás súas achegas.
- ▶ O capital mínimo non varía respecto ao de Sociedade limitada en 3.012 euros pero estableceuse o **máximo é de 120.202 euros**. En todo caso o capital só pode estar composto por **achegas de diñeiro**.

SLNE	Mínimo: 3.012 € e Máximo: 120.202 €	Achegas de diñeiro
SL	Mínimo: 3.012 € e non hai máximo	Achegas de diñeiro ou bens

- ▶ Os socios: o número de socios **máximo** que pode haber é de **cinco** na constitución e non hai mínimo. Os socios deben ser **persoas físicas**.

SLNE	Máximo <u>5 Socios</u> na constitución	Non admite sociedades mercantís como socios
SL	Non hai máximo	Os socios poden ser persoas físicas ou sociedades

- ▶ A denominación de a sociedade está formada polos dous apelidos e o nome dun dos socios fundadores máis un código que facilita a administración e a expresión SLNE. Por exemplo: *López García, Juan 000009090A, SLNE*.
- ▶ O **obxecto social é xenérico**, para abranguer multitude de actividades e ser máis flexible. Isto permite desenvolver varias actividades empresariais sen ter que cambiar os estatutos da sociedade.
- ▶ É obrigatorio que os administradores da Sociedade (que poden ser un ou varios) sexan socios da SLNE.

- ▶ Tramitación: un dos avances máis positivos da lei é a posibilidade de **tramitación telemática**. A constitución telemática permite un considerable aforro de custes, viaxes e trámites. Tan só é necesaria a visita ao **punto de Asesoramento e Inicio de Tramitación (PAIT)** e ao notario. Isto permite a constitución da SLNE en moi poucos días (de 2 a 7).

10. Sociedades Laborais.

A sociedade laboral é unha sociedade anónima ou limitada na que a **maioría do capital social pertence a os traballadores cunha relación laboral por tempo indefinido e a xornada completa**.

Pode haber dous tipos de socios:

- ▶ Socios traballadores: aportan capital e teñen un contrato e traballo indefinido e a xornada completa. Polo menos debe pertencerlles o 51% do capital.
- ▶ Demais socios: aportan capital pero non traballan para a sociedade ou o fan con outro contrato (temporal, a tempo parcial).

O número de **socios non pode ser inferior a tres**, pois ningún socio pode posuír máis do 1/3 do importe do capital, salvo que se trate de Entidades Públicas.

Poden ser de dous tipos: Sociedades Anónimas Laborais (S.A.L.) e Sociedades limitadas Laborais (S.L.L.).

Estas sociedades deben cumprir *uns requisitos especiais de constitución*: certificación negativa de denominación, escritura pública; inscrición no **Rexistro de Sociedades Anónimas Laborais da Comunidade Autónoma correspondente** e inscrición no Rexistro Mercantil.

Están reguladas pola **Lei de Sociedades Laborais** e, supletoriamente pola Lei de Sociedades de Capital.

Na súa razón social debe aparecer o termos "Sociedade Anónima Laboral" ou a súa abreviatura "S.A.L." ou "Sociedade Limitada Laboral" ou a súa abreviatura "S.L.L." segundo o tipo de sociedade laboral.

Axudas e subvencións: Ao igual que as cooperativas, as Sociedades Laborais teñen bonificacións e exencións en algúns impostos, ademais da concesión de axudas como redución de xuros nos préstamos, axudas para la formación dos traballadores, etc.

11. Sociedade Cooperativa.

A cooperativa é unha sociedade constituída por persoas que se asocian, con capital variable, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, para a realización de actividades empresariais, encamiñadas a satisfacer as súas necesidades e aspiracións económicas e sociais, con estrutura e funcionamento democrático.

Non **son sociedades mercantís** ao non pretender lucro senón satisfacer as necesidades comúns dos seus membros.

Son sociedades que agrupan a persoas que teñen **intereses ou necesidades comúns** (cooperativas de traballo, agrícolas, de vivenda,...).

Aínda que hai unha lei estatal, a **Lei Xeral de Cooperativas**, a Comunidade Autónoma de Galicia ten transferida a competencia para regular este tipo de sociedade, polo que se promulgou a **Lei de Cooperativas de Galicia** que introduce algunhas leves modificacións con respecto á lexislación estatal, coa finalidade de adaptarse á realidade da economía galega.

As características principais da sociedade cooperativa son:

1. É unha sociedade aberta pois existe **libre adhesión e baixa voluntaria** dos socios.
2. Denominación social: nome acompañado de Sociedade Cooperativa ou ben S. Coop. Agora ben, se a cooperativa ten o seu domicilio en Galicia, as palabras a engadir serán "**Sociedade Cooperativa Galega**" ou a súa abreviatura "**S. Coop. Galega**".
3. O seu **capital é variable** (aumenta coas achegas dos novos socios e diminúe coa saída). As achegas estarán inicialmente desembolsadas, polo menos, nun 25%.

4. A **responsabilidade** do socio polas débedas sociais estará **limitada ás achegas** ao capital social, salvo que nos estatutos se indique expresamente a responsabilidade ilimitada dos socios.
5. **Estrutura e xestión democrática**, cada persoa posúe un voto con independencia do capital achegado.
6. Non existe ánimo de lucro, o excedente (beneficio) repártese en función da participación de cada socio nas operacións sociais
7. Número de socios: as cooperativas de primeiro grao deberán estar integradas, como mínimo, por **tres** socios mentres que as de segundo grao estarán constituídas por, polo menos, dúas cooperativas.
8. Trámites xurídicos: certificación negativa de denominación (emitido polo rexistro de cooperativas), escritura pública e **inscrición no Rexistro de Sociedades Cooperativas**.
9. Tributan polo imposto sobre sociedades, pero teñen bonificacións fiscais.

As dúas clases de cooperativas máis representativas son as cooperativas de primeiro grao e cooperativas de segundo grao ou posterior. Nas de primeiro grao, os socios han de ser persoas físicas ou xurídicas como por exemplo as cooperativas de traballo asociado, de consumidores e usuarios, de vivendas, agrarias, de seguros, de ensino, de crédito, etc., mentres que as de segundo grao, se constitúen, en xeral, por dúas cooperativas (cooperativas de cooperativas).

Órganos sociais:

- **Asemblea Xeral.**

É a *reunión de todos os socios e asociados* (se existen) para tomar acordos como órgano de expresión da vontade social. Funcións: nomear o consello reitor e controlar a súa xestión, aprobar as contas anuais, distribuír o excedente...

- **Consello Reitor.**

É o *órgano Colexiado de xestión e representación* da cooperativa, que actúa segundo o acordado pola Asemblea. Como mínimo debe estar integrado por tres socios.

- **Interventores.**

É o **órgano de fiscalización**. Está formado por un, dous ou tres socios e encárgase de censurar as contas anuais.

Vantaxes e inconvenientes das cooperativas.

- Os socios adoitan estar moi implicados, xa que participan na xestión e, ademais a repartición do excedente ten en conta o traballo achegado por cada un deles.
- Os beneficios fiscais tamén son unha vantaxe considerable desta forma xurídica.
- A liberdade de entrada e saída pode orixinar pouco compromiso dos socios a longo prazo.
- Menor axilidade na toma de decisións, pois o seu funcionamento é assembleario.